

MODELOS DE COMENTARIO CRÍTICO

- 1. Redacta un texto no que expliques, de maneira argumentada, como valorarías que na túa localidade se instalase unha industria altamente contaminante que xerase importantes beneficios económicos. (Extensión aprox. 200-250 palabras)**

Dende que a sociedade comezou a tomar conciencia dos perigos do desenvolvemento industrial, existe un constante conflito entre preferir maior prosperidade laboral ou unha mellor conservación do medio ambiente. Persoalmente, valoraría negativamente a instalación dunha destas industrias na miña zona, pois conta con máis inconvenientes que vantaxes.

En primeiro lugar, xa estamos a coñecer os danos medioambientais provocados por industrias instaladas hai tan só unhas décadas, non só en países do terceiro mundo senón tamén na nosa contorna. Por exemplo, a construción da fábrica da papeleira Ence en Pontevedra tivo consecuencias directas na vida dos veciños, cuxa calidade de vida empeorou por mor das emisións contaminantes. Ademais, a suposta balanza de empregos positiva que xerarían estas fábricas contrarréstase cos postos de traballo perdidos noutros sectores. Volvendo ao exemplo de Ence, a explotación masiva de recursos naturais e a destrución da ría acabaron con centos de empregos no sector primario, especialmente o pesqueiro.

En segundo lugar, cómpre salientar a cantidade de alternativas sostibles que existen ás industrias máis contaminantes, especialmente no campo da enerxía no que se centra o texto. Carecería de sentido, nos tempos de transición ecolóxica nos que vivimos, construír unha central térmica podendo apostar, por exemplo, por un campo de turbinas eólicas cuxo impacto medioambiental é moito menor.

En conclusión, a instalación de industrias contaminantes xera sen dúbida grandes beneficios económicos, pero semella que só para os empresarios, pois os empregos creados implican a destrución de moitos outros e fortes danos ao medio ambiente. Xa que logo, este tipo de negocios altamente contaminantes traen consigo máis inconvenientes ca vantaxes para as localidades afectadas, por moito que nos tenten convencer do contrario.

(256 palabras)

2. XUÑO 2016 (opción A)

Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coa idea que sostén Agustín Fernández Paz acerca da relación entre ter vontade de escritor universal e escribir nunha lingua minoritaria. (Extensión aproximada 200-250 palabras)

Non podo estar máis de acordo coas afirmacións de Agustín Fernández Paz cando expresa que o escritor debe proxectar os seus sinais de identidade ao mundo para que poidan chegar a calquera lector. Pensar que un escritor só ten futuro se escribe en inglés ou en castelán non deixa de ser unha visión moi reduccionista da literatura.

Un dos aspectos fundamentais da literatura é poder achegarnos, a través da súa

produción, a culturas e momentos da historia de diferentes lugares do planeta, que non só teñen unha cultura propia senón que, en moitos casos, tamén unha lingua de seu como vehículo de expresión desa cultura.

A gran riqueza da humanidade debemos buscala na diversidade das sociedades, culturas linguas. Por iso o papel dos escritores é fundamental para a súa transmisión e para facelas chegar a calquera outro lugar do mundo.

Pensar que un escritor que escriba en galego, éuscaro, sardo ou calquera lingua africana ou asiática estea limitando as súas posibilidades como escritor, xa que vai ter un número de lectores moito menor a se o fixese en inglés ou castelán, é un erro, porque como ben afirma Fernández Paz a calidade do escrito é o que vai facer que ese autor e a súa obra teñan a repercusión que merecen. Non podemos esquecer que hoxe en día as traducións de obras ás lingua con maior número de falantes están á orde do día e ofrecen a posibilidade de achegarse a autores de linguas minoritarias a calquera lector que así o desexe. Tampouco podemos obviar que se só se escribisen obras nas linguas maioritarias, moitas culturas do mundo acabarían desaparecendo e perderíamos unha das grandes riquezas da humanidade.

Para rematar só queda lembrar a afirmación de Fernández Paz “o proceso de creación non sabe de periferia” e, polo tanto, só a calidade das obras vai conseguir que elas poidan transcender máis alá da súa cultura orixinal para acadar a universalidade.

3.-Por desgraza actualmente o tema da violencia a mulleres no é nada novidoso, pero deberíamos cuestionarnos unha pregunta que pode que nos cause incertidume , como poderíamos evitalo?

As causas da violencia contra as mulleres atópanse na discriminación de xénero, as normas sociais e os estereotipos de xénero que a perpetúan. Dados os efectos devastadores que a violencia causa nas mulleres, os esforzos concentráronse principalmente nas respostas e servizos para as sobrevivintes. Non obstante, a mellor maneira de contrarrestar esta violencia é prevela tratando as súas orixes e causas estruturais.

Pois ben, a prevención debe comezar nas primeiras etapas da vida, mediante a educación dos nenos e nenas que promova relacións de respecto e a igualdade de xénero. O traballo cos mozos é a mellor opción para lograr un progreso rápido y sostido en materia de prevención e erradicación da violencia de xénero. Aínda que as políticas públicas e as intervencións adoitan pasar por alto esta etapa da vida, trátase dunha época crucial durante a cal se forman os valores e normas relativas á igualdade de xénero. Xa que logo, a educación é moi importante para a concienciación.

Con todo, esta non é a única medida que se debe tomar. As políticas e as actuacións públicas contra a violencia de xénero teñen que ser conscientes da auténtica dimensión dun problema, que afecta diariamente a miles de mulleres no noso país.

Cuando pensamos en medidas, sabemos que a longo prazo, a educación e a sensibilización para promover un rexeitamento social, son a solución. Pero ademais hai que poñer en marcha medidas de protección ás vítimas. Sabemos que moitas mulleres non denuncian e tamén que máis dun 20% das que son asasinadas, denunciaran e non obtiveron a protección que buscaban.

Necesitamos melloras na xustiza, na protección policial e medidas sociais de apoio, que sexan conscientes do risco ao que se enfrontan as mulleres que viven e denuncian esta

violencia deplorable. Precisamos tamén que as vítimas confíen na protección que lles pode proporcionar o Estado.

En conclusión, semellan fórmulas sinxelas, pero a súa eficacia depende dunha decidida vontade política, un forte dispositivo de coordinación e implicación institucional e, por suposto, dos recursos y medios necesarios. Se cadra habería que dicirlle ao Goberno que non hai solucións máxicas. Non existe a medida perfecta e non se pode reaccionar só cando hai unha situación de crise. Hai que fixar obxectivos posibles de mellora, ser persistente e, sobre todo, facilitar os recursos. Quizais así consigamos ser máis eficaces contra esta lacra social e poderemos protexer mellor un dereito tan básico, recollido na tan citada constitución, como é a vida e, como non, a dignidade do ser humano.